

**NÚMERO 4/19**

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 11 DE FEBREIRO DE 2019.**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día once de febreiro de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión extraordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Coteló, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. María del Carmen Pose Varela, D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Non asiste, sen escusar a súa ausencia, D. Ramón Rodríguez Ares.-

Antes de comezar, o Presidente aclara que hai un expediente de segregación do ano 2005 que non apareceu e que por iso non se aportou, así como que se retira o terceiro punto da Orde do Día por así o ter solicitado o grupo municipal do Partido Popular, cuxos membros solicitaron a celebración desta sesión.-

Seguidamente, procédese ao debate dos seguintes asuntos da Orde do Día:

**“Control de Órganos de Goberno:**

1º.- Explicación por parte do Goberno Municipal do obxecto e da contía da demanda de reclamación de responsabilidade patrimonial dirixida contra este Concello seguida no Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 da Coruña co número de Procedemento 240/2018, dos demandantes e do seu vínculo familiar con concelleiros desta Corporación e as medidas a tomar en aras á mellor defensa dos dereitos do Concello con quenda ós Grupos Municipais para o correspondente debate en aras a proporcionar a mellor defensa dos intereses do Concello.-

2º.- Asunción de responsabilidades, identificación do causante dentro ou fóra da organización do Concello de quen o seu comportamento derivou na demanda interposta”.-

Aberto o debate, toma a palabra o sr. Anido, quen explica a razón de ter solicitado que se convocase esta sesión de control, aclara que mediante escrito desta data o seu grupo retirou a proposta referente á reprobación do sr. Alcalde por entender que son outros, os veciños ou os membros do seu partido, os que deben reprobalo, e fai unha ampla exposición sobre a materia obxecto desta convocatoria, motivada na necesidade de buscar a mellor defensa dos intereses dos veciños ante a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por importe de 82.000 euros contra o Concello, sen que o seu grupo teña coñecemento de se se están defendendo os intereses municipais da mellor maneira posible.-

Tras unha longa exposición inicial do sr. Anido, interveñen no debate o sr. Alcalde, o sr. Montouto, a sra. Reimúndez, o sr. Gómez, a sra. Bolaño e o sr. Anido, cuxas intervencións constan na videoacta da sesión.-

Sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día ao comezo indicado, o sr. Presidente levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da sede electrónica do Concello pódese acceder ao arquivo autenticado coa sinatura dixital desta Secretaría, que contén a gravación de imaxe e son desta sesión coas distintas intervencións dos participantes:

Url: [https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html)